- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1.*

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

17.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - César Guerra Méndez

Visto o escrito presentado por **César Guerra Méndez**, de data 02/11/2026 (Rexistro de entrada nº 27.074), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0713501NH0101S0001QX.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 03/11/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600027074 o día 2 de novembro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral e achegando un plano de situación.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 0713501NH0101S0001QX, coma solo urbano (S.U.) no seu plano 3.11, de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 coa ordenanza de aplicación núm.1, para o solo urbano.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.


A ordenanza 1. do PXOM, ten a denominación de “Residencial intensiva colectiva en mazá”, artigo 150 do PXOM.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10



"<u>ARTIGO 150: ORDENANZA 1.- RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA EN MAZÁ.</u>

1. *<u>Definición e ámbito.</u>*

Comprende esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa
forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.
O seu deseño apoiase sobre a rede viaria existente e a que se ten deseñado ou completado mediante o presente planeamento.
É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de mazá, á que se lle adxudican
unha ou varias alturas máximas de comisa en atención á diferenza de cotas do viario.

1.1. <u>Obras admisibles</u>
Son admisibles todo tipo de obras de:
- *demolición*
- *reforma*
- *ampliación*
- *nova planta*

2. <u>Usos</u>
***Uso global**: Residencial intensivo.*
***Uso característico pormenorizado**: Vivenda colectiva*
***Usos admisibles**: Terciario de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.*

3. <u>Tipoloxía edificatoria</u>
A tipoloxía edificatoria é a da edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. <u>Parámetros da edificación</u>

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

4.1. Condicións da parcela

***Parcela mínima**: 100 m², Exceptuando as parcelas existentes entre dúas xa consolidadas.*
***Fronte mínimo**: 6 m. Excepto parcelas entre medianeiras.*

4.2. Condicións de ocupación

***Ocupación máxima de la parcela**: 100%.*
***Ocupación en planta baixa:** Fondo máximo: 25 m*
***Ocupación en Sotos:** 100% da parcela edificable.*
***Fondo máximo plantas de pisos:** 18 metros.*
***Aliñación:** As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.*

4.3. Condicións de volume

***Número de plantas:** As definidas nos planos de ordenación, ca limitación do largo de rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, salvo nas rúas relacionadas na seguinte táboa:*
Rúa de Galicia: B + E + 2P 4- Ático
Avda. Do malecón e paseo das Carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E 4- 4P 4- Ático
C/ Cordierio: B + E + 3P + Ático
C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c\ Irmandiños): B + 3P + Ático
C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático
C/ Lagareu: B 4- 3P + Ático
C/ Lepanto: B + 3P + Ático
C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P 4- Ático
C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático
C/ Monumento: B + 3P + Ático
C/ Noro: B + 3P + Ático
C/ Nove de agosto: B + E + 3P -t- Ático
C/ Romero Ortiz (desde Malecón ata Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático
C/ Rosalía Castro: B + E + 4P + Ático
Praza do Concello: B -I- E + 4P 4- Ático
Avda. Ferrol (desde Padín ata Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E -f- 2P + Ático
Avda. Pérez Galdós; B + E + 2P + Ático
Prolongación rúa Escorial: B + 4P 4- Ático

***Altura de comisa**: Para determinar a altura máxima, consideraranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas en caso de uso residencial, que pode á aumentar a 3,20 m.para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.*

***Altura de coronación:** La cumieira situaráse nunha cota máxima de 4 metros por cima do último forxado.*

4.4. Elementos arquitectónicos

Autorizanse as construcións de baixo cuberta cun peto en liña de fachada de 1,00 m. de altura máxima.
Autorizanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluida a correspondente á planta baixa.
Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.
Os patios de luces rexiránse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso.

5. AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS

A parcela non ten afeccións sectoriais.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

18.- INFORMACIÓN E CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Marta Torres Tarrío

Visto o escrito presentado por **Marta Torres Tarrío**, de data 27/09/2026 (Rexistro de entrada nº 23.878), no que solicita información e certificación urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A921000780000UW, situada na Estrada Xeral, Lugar de Areeiros, nº 196, Castiñeiras, Ribeira.

Vistos os informes técnico e xurídico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 30/10/2026, e polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/10/2026, respectivamente, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Información Urbanística:

1. ANTECEDENTES
Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600023878 o día 27 de setembro de 2026.

1. OBXECTO DO INFORME
Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

3. CONSIDERACIÓNS
3.1. Documentación achegada
Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha vivenda indicando a súa referencia catastral.

3.2. Normativa urbanística
O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A921000780000UW, no seu plano 4.15, de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela é:

- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificada.

1.1- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:
- demolición
- reforma
- ampliación

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m^2

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m^2/m^2

Altura edificación:
Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros
Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non pudendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

- Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.
- Comisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.
Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

4. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela encóntrase, dentro da servidume de protección de Costas, polo que deberá solicitar as autorizacións preceptivas para levar a cabo calquera actuación urbanística, ao Servizo do Litoral da Xunta de Galicia.

Encóntrase, así mesmo, en zona de protección da estrada DP-7307, polo que deberá achegar autorización da Deputación de A Coruña para calquera actuación urbanística.

5. OBSERVACIÓNS

A parcela encontraríase afectada por cesións obrigatorias a viais, co que a súa superficie neta será sensiblemente inferior á súa superficie bruta, unha vez executadas ditas cesións.

Certificación Urbanística:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística en relación á edificación sita na Estrada Xeral, Lugar de Areeiros n.º 196, Castiñeiras, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A921000780000UW.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Francisca Rodríguez Ageitos

Visto o escrito presentado por **Francisca Rodríguez Ageitos**, de data 28/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.647), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 000101500NH00G0001XL, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 29/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 000101500NH00G0001XL, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

20.- SOLICITUDE DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DE CONCESIÓN DE VAO PERMANENTE E DEVOLUCIÓN DE INGRESOS ABONADOS EN EXCESO – Pablo Franco Franco

Visto o escrito presentado por **Pablo Franco Franco**, de data 30/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.831), no que solicita a rectificación de acordo de concesión de vao permanente (Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 19/12/2024), no sentido de modificación da lonxitude do vao de 4,00 m. a 3,00 m. segundo consta en solicitude e informe policial, de data 17/12/2024; e así mesmo solicita a devolución dos correspondentes ingresos indebidos.

Consultado o expediente de referencia, e detectado erro na redacción do citado acordo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Que se proceda á subsanación do citado erro resultando a lonxitude do vao permanente en **3,00 m.**
- Que se proceda á devolución de ingresos indebidos na proporción que corresponda e desde a data de concesión do citado vao (19/12/2024).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos para o seu coñecemento e efectividade do mesmo.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

21.- SOLICITUDE DE CESIÓN POLIDEPORTIVO TORRES COLOMER Á EMPRESA CONGALSA S.L. PARA A CELEBRACIÓN DA COMIDA DE EMPRESA

LOGO DE VER que D. Juan Carlos Rama Bermúdez, con DNI: 33.279.298-D, en representación da empresa "Congalsa S.L.", presenta escrito de data 30-10-2026, con número de rexistro de entrada municipal 26.867, solicitando:
"O ALUGUER DA INSTALACIÓN DENOMINADA PABILLÓN POLIDEPORTIVO TORRES COLOMER DE PALMEIRA. O OBXETO É REALIZAR A COMIDA DE NADAL PARA OS TRABALLADORES DA EMPRESA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2026. NECESITAMOS O DEVANDITO LOCAL TAMÉN O DÍA ANTERIOR, DÍA 17 PARA A MONTAXE DE TODO O NECESARIO PARA O EVENTO. TAMÉN PRECISAMOS SABER HASTA QUE HORA DO DÍA 19 DE DECEMBRO PODEN PERMANECER AS EMPRESAS DE SERVIZOS FACENDO A LIMPIEZA E ACONDICIONAMENTO DO LUGAR.."

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 02-11-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 03-11-26, favorables á mesma con condicionantes.

De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; esta Alcaldía-Presidencia en exercicio das atribucións que lle confiren o artigo 21.1 c) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión do polideportivo Torres Colomer, á empresa Congalsa S.L., nos días e horarios solicitados, **xoves 17 de decembro ao longo de toda a xornada** (montaxe de evento), **venres 18 de decembro ao longo de toda a xornada** (montaxe e celebración do evento) e **sábado 19 de decembro pola mañá** (desmontaxe de infraestrutura) cos seguintes condicionantes:

1º) Deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **2.150,50 euros** (860,20 € x 2 xornadas completas + 430,10 media xornada) con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de basura de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.

2º) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:
1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (**2.150,50 + 77,74 €**).
2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
3 – Copia do recibo do pago desa póliza.

4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

- De no achegar a documentación indicada, non poderá acceder ás instalacións.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

Aprobar a liquidación por importe de **2.150,50 euros** (860,20 € x 2 xornadas completas + 430,10 media xornada) que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) máis **77,74 euros** correspondentes a taxa de recollida de basura de instalacións deportivas municipais), dando conta do presente acordo á Tesouraría municipal para emitir á Carta de Pago correspondente.

Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATACIÓN RIBEIRA, PARA A CELEBRACIÓN DE DÚAS PROBAS DE "NADA E CORRE"

LOGO DE VER que D. Jorge Patiño Sampedro, en representación do Club Natación Ribeira, presenta dous escritos de data 19/10/2026, con números de rexistro de entrada municipal 25.714 e 25.715, solicitando:

"EN CALIDADE DE SECRETARIO DO CLUB NATACIÓN RIVEIRA CON CIF G15446586 QUE POR MOR DE CELEBRACIÓN DA COMPETICIÓN FEDERADA NADA-CORRE CLASIFICATORIA SOLICITAMOS PERMISO PARA A A ***UTILIZACIÓN DA PISCINA " MARÍA VILAS DE 9.00 A 12 DA MAÑÁ O DÍA 8 DE NOVEMBRO E A CONTINUACIÓN A UTILIZACIÓN DA `PISTA DE ATLETISMO " ANA PELETEIRO " DE 11.00 A 13.00. E A PISTA DE BALONCESTO PARA A ENTREGA DE PREMIOS ATA AS 14.30 HORAS APROXIMADAMENTE."***

"EN CALIDADE DE SECRETARIO DO CLUB NATACIÓN RIVEIRA CON CIF G15446586 QUE POR MOR DE CELEBRACIÓN DA ***FINAL GALEGA DO NADA E CORRE O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2026. SOLICITAMOS PERMISO PARA A A UTILIZACIÓN DA PISCINA " MARÍA VILAS DE 9.00 A 12 DA MAÑÁ E A CONTINUACIÓN A UTILIZACIÓN DA `PISTA DE ATLETISMO " ANA PELETEIRO " DE 11.00 A 13.30 ASIMISMO SOLICITAMOS A PISTA DE BALONCESTO PARA A ENTREGA DE PREMIOS ATA AS 15.00 HORAS APROXIMADAMENTE".***

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias;* artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
   "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. A piscina municipal "María Vilas", o estadio de atletismo "Ana Peleteiro" e o polideportivo A Fieiteira non teñen actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
4. En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar as zonas anteriormente mencionadas (piscina, estadio e polideportivo) ao público durante o período de cesión.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 02-11-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 02-11-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas”, o estadio de atletismo “Ana Peleteiro” e o polideportivo A Fieiteira ao Club Natación Ribeira, para a celebración da “Final Galega de Nada e Corre”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *”Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais“*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións será para o **domingo 8 de novembro de 2026 nos seguintes horarios:**
  - **De 09.00 a 12.00 horas, a piscina “María Vilas”.**
  - **De 11.00 a 13.00 horas, o estadio de atletismo “Ana Peleteiro”.**
  - **De 13.00 a 14.30 horas, o polideportivo “A Fieiteira”.**
- A autorización de uso das instalacións será tamén para o **domingo 13 de decembro de 2026 nos seguintes horarios:**
  - **De 09.00 a 12.00 horas, a piscina “María Vilas”.**
  - **De 11.00 a 13.30 horas, o estadio de atletismo “Ana Peleteiro”.**
  - **De 13.00 a 15.00 horas, o polideportivo “A Fieiteira”.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, …).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CAMPIONATO DE PESCA AO CLUB SPINNING GALICIA

LOGO DE VER D. José Ramón Crujeiras Álvarez, en representación do Club Spinning Galicia, presenta escrito de data 08/09/2026, con número de rexistro de entrada municipal 21.835, solicitando:

“COMO DIRECTIVO DO CLUB ANTERIORMENTE CITADO E FACÉNDOSE UN CAMPEONATO DE PESCA NA SÚA V EDICIÓN NESTE CONCELLO CON 200 PARTICIPANTES DE TODA GALICIA, PORTUGAL E

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

AUTONOMÍAS LIMÍTROFES COMO ASTURIAS, CANTABRIA, PAÍS VASCO, CATILLA Y LEÓN, ETC ... O DÍA 28 DE NOVEMBRO.
SOLICITO COLABORACIÓN DO CONCELLO CON ASISTENCIA DO GAEM PORSEGURIDAD. ASÍ MESMO AGRADECERÍAMOS A COLABORACIÓN DO CONCELLO CON UNS TROFEOS E ASISTENCIA DALGÚN CONCELLEIRO PARA A ENTREGA DOS MISMOS"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS"

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias;* artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
   "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
   "Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal".

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 02-11-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 03-11-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a **V EDICIÓN DO CAMPIONATO DE PESCA ao Club Spinning Galicia** cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **28 de novembro de 2026** ao longo de toda a xornada.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (Demarcación de Costas, Servizo de Patrimonio Natural, Portos de Galicia,...).
- **Dar traslado ao GAEM da celebración do evento** (a colaboración deste corpo no desenvolvemento da actividade, será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Facilitar os trofeos** necesarios para entregar na proba (previa coordinación co departamento de deportes)**.**
- **Facer posible a presenza dalgún concelleiro** para a entrega de trofeos (coordinado previamente con concelleiro de deportes)
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

- Pola celebración de actividades municipais u outras que esta Alcaldía considere oportunas poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

24.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA Á ANPA DO CEIP FRIÓNS, PARA A REALIZACIÓN DUN FESTIVAL DE NADAL

LOGO DE VER que a ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS FRIÓNS COLEXIO PÚBLICO FRIÓNS, presenta escrito de data 01/10/2026, con número de rexistro de entrada municipal 24.321, solicitando:

"RESERVAR O POLIDEPORTIVO FIEITEIRA O DIA 18/12/2026 DE 15 A 21H EN NOME DA ANPA DO CEIP FRIONS PARA A FESTA DE NADAL.".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias;* artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
   "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. O pavillón A Fieiteira, non ten actividade programada para a data solicitada, excepto os adestramentos do Club Baloncesto Barbanza e Club Balonmán Ribeira (que en caso de acceder ao solicitado terían que ser suspendidos).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 02-11-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 03-11-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Sexa autorizada a cesión do polideportivo A Fieiteira", para a celebración dun festival de Nadal, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **venres 18 de decembro de 2026 de 15.00 h. a 21.00 h.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, …).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

25.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO - BNG

Visto o escrito presentado por Rafael Pazos Rodríguez, en representación do partido político **BNG**, de data 24/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.289), no que solicita autorización para a ocupación temporal da Praza do Concello (Ribeira), o día 06/11/2026, en horario de 18:00 h. a 23:45 h., co motivo da celebración do seu tradicional Magosto. Así mesmo solicita a habilitación dun punto de conexión eléctrica e a cesión temporal dos xogos tradicionais dos que dispón o Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación temporal da Praza do Concello (Ribeira), o día 06/11/2026, en horario de 18:00 h. a 23:45 h., co motivo da celebración do seu tradicional Magosto.
- Non autorizar a habilitación dun punto de conexión eléctrica (A conexión eléctrica deberá ser abonada polo solicitante).
- Autorizar a cesión temporal dos xogos tradicionais dos que dispón o Concello.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

26.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – SALA-MUSEO MUNICIPAL DE RIBEIRA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 30/10/2026, relativa á convocatoria do "Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2027" **(Programa FO216/2027)**, da Deputación Provincial da Coruña segundo as bases publicadas no BOP nº 197, de data 20/10/2026).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda de 20.000 euros para o "Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2027",– **Sala-Museo Municipal de Ribeira**.

2.- Facultar á Sra. Alcaldesa Dona María José Sampedro Fernández para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización das actividades e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

27.- APROBACIÓN BORRADOR CONVENIO DE COLABORACIÓN – Asociación Cultural Lajareu por Barlovento

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Innovación e Novas Tecnoloxías, de data 29/10/2026, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, de data 02/11/2026.

Visto que o obxecto do devandito convenio consiste en coordinar, potenciar e complementar as ofertas deportivas dentro do seus ámbitos de actuación, nete caso o formento da vela tradicional.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento, co cargo á partida 341-48004.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

28.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE "A ROMARÍA" EN ESPAZO PÚBLICO – Colexio Bayón ENSEDUCA, S.A.L.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 01/11/2026, relativa á autorización para a celebración de "A Romaría" no Parque Periurbano de San Roque, na que expón:

*"Que o Colexio Bayón ENSEDUCA S.A.L CIF A15441512 como representante Marianne Bande Willisch D.N.I. ***541*** vai a celebrar "A ROMARÍA" o día venres 14 de maio no Parque Periurbano de San Roque, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 16/09/2026 con Nº de rexistro de entrada 202622841, solicitando:*

Autorización para levar a cabo "A ROMARÍA" no Parque Periurbano de San Roque o venres 14 de maio para realizar actividades co alumnado dos ciclos de infantil e primaria de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

1. *Uso do espazo e acondicionamento de desbroce e limpeza na zona que comprende os espazo dos asadores e do anfiteatro en horario de 9:00 a 15:00 horas.*
2. *Apertura dos baños localizados no edificio do museo.*
3. *Instalación duns baños auxiliares na zona dos asadores para facilitar o servizo para os nenos de infantil."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar a celebración de "A ROMARÍA" no Parque Periurbano de San Roque o día venres 14 de maio de 2027 en horario de 9:00 a 15:00 horas.**
- **Autorizar para que se acondicione as zonas dos asadores e o anfiteatro para realizar as actividades.**
- **Autorizar o uso dos 2 baños que se atopan no interior do Centro de Intarpretación Arqueolóxica de San Roque.**
- **Indicar que a instalación de baños portátiles non é posible; posto que o concello non dispón de ditas estruturas.**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- **Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.**

29.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 29/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

"Recíbese solicitude presentada por Moisés Domínguez Rodríguez, sede electrónica núm. 2026 25226 de data 10 de outubro de 2026, en nome da Asociación Cultural e Festexos da Nosa Señora de Fátima de San Martiño de Oleiros, interesando o Uso Temporal do Centro Social Cultural de Oleiros o 5 de decembro de 2026 co obxecto de realizar o Torneo de Videoxogos.

Engádese ao expediente información recibida no correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.gal na data27/10/2026: Introdución, título do evento Torneo "Galopin XI Civil War" , horarios e participantes.

Considerando que:

a) O Concello de Ribeira apoia a celebración de actos promovidos polo tecido asociativo principalmente proporcionando espazos, apoio loxístico, recursos que permitan a realización dos eventos culturais, educativos, artísticos etc. ao tempo de asegurar que as instalacións municipais beneficien ao maior número de cidadans.

b) Trátase dunha programación de continuidade. Ofrece á xuventude unha alternativa de entretenemento, creando un espazo de socialización.

c) A data de celebración desta actividade axústase á disponibilidade do Centro Social Cultural de Oleiros.

d) Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e pudendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Conclusión:

Emítese INFORME Favorable de Uso Temporal do Centro Social e Cultural de Oleiros para realizar o Torneo "Galopín XI Civil War" organizado pola Asociación Cultural e Festexos da Nosa Señora de Fátima de San Martiño de Oleiros no calendario exposto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar de Uso Temporal do Centro Social e Cultural de Oleiros para celebrar o Torneo "Galopín XI Civil War" organizado pola Asociación Cultural e Festexos da Nosa Señora de Fátima de San Martiño de Oleiros na seguinte data:
  Día 5 de decembro de 2026, horario do evento de 13 a 20 horas
  Disponibilidade da instalación de 12 a 21.30 horas (preparativos e desaloxo).

- Notificar o acordo a entidade solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respeto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desarrollo dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Lémbrase á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.
8. Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

30.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 29/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por María del Rosario Barca Fernández, en nome da Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración Crónicas o Terminales, interesando dispor do Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira con motivo da celebración dun Festival Benéfico a cargo de Kids&Us e a favor da antedita fundación.

Manifesta que o evento está previsto para ás 19.00 horas do 6 de decembro de 2026, cunha duración de ata ás 20.30h precisando a disponibilidade das instalacións dende ás 15:00 á 22:00 horas para realizar preparativos, montaxes, ensaios e recollida e desmontaxe.

A entidade peticionaria manifesta a vontade de instalar un posto de venda de productos solidarios na entrada do Auditorio destinando a recaudación á Fundación Andrea.

Engade á solicitude a colaboración da área municipal de Servizos Sociais para atender o servizo técnico necesario para o desenvolvemento do festival.

Considerando que:

a) Trátase dun evento que organizado por unha entidade sen ánimo de lucro.
b) É unha proposta cun fin social de certo interese público para toda a comunidade.
c) A data de celebración deste programa axústase á disponibilidade do Auditorio Municipal.
d) A venda de productos é solidaria destinando beneficios á Fundación Andrea.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición:

- *Instalación municipal: Auditorio de Ribeira.*
  Domingo 6 de decembro de 2026.
  Dispoñibilidade de 15.00 a 22.00 horas. Celebración do Festival 19.00 a 20.00 horas

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

- *Servizos de bedelía e limpeza.*
- *Dado a natureza do acto e con carácter excepcional, facilitar un espazo na entrada da instalación para colocar un posto de venda de productos solidarios.*
- *Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporal aos vehículos da organización que o puderan precisar.*
- *Trasladar esta petición á área municipal de Servizos Sociais para que atenda a necesidade do servizo de asistencia técnica de son e iluminación."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

I. Autorizar o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira á *Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración Crónicas o Terminales* o vindeiro 6 de decembro de 2026, de 15.00 a 22.00 horas, para realizar un Festival Benéfico a cargo de Kids&Us a favor da antedita fundación .

II. Servizos de conserxe e limpeza.

III. Dado a natureza do acto e con carácter excepcional, facilitar un espazo na entrada da instalación para a colocación dun posto de venda de productos solidarios destinados á propia fundación e será o personal municipal encargado de indicarlle esta ubicación.

IV. Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporal aos vehículos da organización que o puderan precisar.

V. Trasladar esta petición á área municipal de Servizos Sociais para que atenda a necesidade do servizo de asistencia técnica de son e iluminación.

- Notificar o acordo ao interesado xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioracións que podería orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respectar os límites de capacidade.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

de Ribeira.

10. Comprometerse a cumprir as **normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I),** e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carriños de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o límite da capacidade da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado corrrespondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debése seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO FESTIVO/MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Peña Deportivista Corazón Branquiazul (TASCA DO PEIRAO)

Visto o escrito presentado por Fernando Pérez Fernández en representación da **Peña Deportivista Corazón Branquiazul**, de data 28/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.662), no que solicita autorización para a celebración da festa do XV Aniversario da Peña Deportivista Corazón Branquiazul o día 07/11/2026, en horario de 16:00 h. a 23:00 h., no exterior do establecemento hostaleiro “A Tasca do Peirao” (Ribeira). Solicitando así mesmo a cesión temporal de dúas haimas e un contedor RSU.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

- Autorizar a celebración da festa do XV Aniversario da Peña Deportivista Corazón Branquiazul o día 07/11/2026, en horario de 16:00 h. a 23:00 h., no exterior do establecemento hostaleiro "A Tasca do Peirao" (Ribeira).
- Prestar a colaboración municipal coa cesión temporal de dúas haimas e a instalación dun contedor RSU.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Mario Vidal Villar (A DE MARIS)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Mario Vidal Villar** en representación establecemento **"Tapería A de Maris"** (Ribeira), de data 30/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.881), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro "Tapería A de Maris" (Ribeira), o día 14/11/2026, en horario de 22:30 h. a 00:30 h.

33.- PROPOSTA DE LIMITACIÓN DE VELOCIDADE EN LUGAR DE SAMPEDRO (PALMEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 17/10/2026, relativa á necesidade de establecer unha limitación de velocidade específica de 30 km/h no lugar de Sampedro (Palmeira), no que expón:

"PRIMEIRO. Antecedentes e Obxecto do Informe
Por parte de Don Manuel Emilio Pérez Outeiral, Concelleiro de Limpeza Viaria, solicitouse Informe/Proposta da Policía Local sobre medidas tendentes á reducción de velocidad e calmado do tráfico no Lugar de San Pedro, parroquia de Palmeira, logo de recabar o sentir da veciñanza en relación coa perigosidade que supón o exceso de velocidad por parte dalgúns condutores.
O presente informe xa que logo, ten por obxecto xustificar tecnicamente a necesidade de establecer unha limitación de velocidade específica de 30 km/h na pista principal que atravesa o núcleo rural da parroquia referenciada.
Esta medida proponse co fin de garantir a seguridade viaria, protexer os usuarios vulnerables e adecuar a circulación ao carácter predominantemente residencial da zona.
SEGUNDO. Configuración e Factores de Risco na vía

Tras as inspeccións oculares feitas polo Oficial que subscribe, observáronse as seguintes características
- Configuración física:
A vía presenta unha sección transversal reducida de calzada única con ausencia de beirarrúas ou espazo segregado para os peóns.
- Carácter residencial e social:
As vivendas sitúanse ao pé da pista, polo que o vial constitúe o eixo da vida comunitaria do núcleo, rexistrando tránsito peonil continuo de veciños, incluídos menores e persoas de avanzada idade, ademais da proximidade do CEIP de Palmeira.
- Uso compartido urbano e agrario:
No lugar coexiste o tráfico de vehículos lixeiros tipo turismo dos residentes con maquinaria agrícola como tractores ou motocultores (matraquillos) e incluso animais que como o caso dos cans adoitan a

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

andar ceibos por este tipo de entornos parroquiais, o que pode xerar situacións de freada de emerxencia debido á falta de visibilidade en determinados tramos de curvas e cambios de rasante.

TERCEIRO. Xustificación
A implantación da limitación a 30 km/h fundaméntase en:
- A Supervivencia en Atropelo, aumenta ata o 90%, mentras que a 50 km/h a mortandade é do 50%.
- A Distancia de Freado, redúcese á metade en comparación con circular a 50 km/h.
- O Campo de Visión do Condutor, amplíase permitindo reaccionar con máis premura ante a saída sorpresiva dun peón.
- A medida alíñase plenamente co espírito da normativa de tráfico e o Regulamento Xeral de Circulación, que prioriza a pacificación e calmado do tráfico en zonas de coexistencia e centros urbanos/rurais onde a calzada e a beirarrúa non están claramente delimitadas.

CUARTO. Medidas a implantar
Nunha primeira fase recoméndase a instalación de dúas (2) sinais R-301 (30 km/h) en ambos sentidos da circulación, para dar inicio a un periodo de adaptación dos condutores e de observación da efectividade da medida, mediante inspeccións oculares e recabando información da veciñanza.
De ser necesario, por detectarse un incumprimento sistemático da limitación, nunha segunda fase, valoraríase a dotación de elementos de Acougado de Tráfico, tales como a instalación de bandas redutoras de velocidade ou pasos de peóns sobreelevados."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar proposta presentada pola Policía Local, executándose nunha primeira fase a instalación de dúas (2) sinais R-301 (30 km/h) en ambos sentidos da circulación, para dar inicio a un periodo de adaptación dos condutores e de observación da efectividade da medida, mediante inspeccións oculares e recabando información da veciñanza.
Así mesmo, e de ser necesario por detectarse un incumprimento sistemático da limitación, nunha segunda fase, valoraríase a dotación de elementos de Acougado de Tráfico, tales como a instalación de bandas redutoras de velocidade ou pasos de peóns sobreelevados.

34.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS E NORMAS DE ADMISIÓN PARA CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2026

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 03/11/2026, relativa á aprobación de prezos públicos e normas de admisión para Campamentos de Conciliación de Nadal 2026.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Manuel Carrasco del Pozo, de data 04/11/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da citada proposta, **ACORDA**:

1. Aprobar o inicio de actividade RIBEIRA CONCILIA -NADAL 2026.
2. Aprobar os prazos de preinscrición e matrícula.
3. Aprobar a normativa de admisión.
4. Aprobar os prezos públicos sinalados e da bonificación do 20% na matrícula para os colectivos indicados, a reserva do 10% das prazas para emerxencia social, así como procedemento de realización do pagamento**.**

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

35.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 03/11/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Xuventude, na que expón:

"Recíbese instancia presentada por dona María Villar Loureiro, data de 30/10/2026, sede electrónica número 2026 26811, en nome do Club Natación Riveira co motivo da celebración de ***asemblea ordinaria de socios do club natación Riveira.***

Manifesta que para o seu desenvolvemento precisa do uso dunha aula da casa da xuventude na data que se indica

Venres, 06 de novembro de 2026*:*

- ***Aula da Casa da Xuventude*** *para realizar a asemblea ordinaria de socios do Club Natación Riveira de 20 a 22 horas.*

Consideracións:
1. *Interesados en apoiar ao tecido asociativo, nesta ocasión por unha entidade deportiva con gran arraigo no concello.*
2. *Considerando que a actividade colectiva proposta, polas súa característica, require de espazos amplos e adaptados."*

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, , **ACORDA**:

I. Autorizar o Uso Temporal da Casa da Xuventude como espazo no que celebrar a Asemblea Ordinaria de Socios do Club Natación Riveira o venes 06 de novembro de 2026 de 20 a 22 horas.

II. Fixar as seguintes <u>condicións de uso</u> á entidade beneficiaria:

1. Acreditar estar en posesión dun seguro de responsabilidad civil vixente que cubra as continxencias derivadas da execución da actividade e danos a terceiros.
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (monitorado, materiais, publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Lémbrase á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar na oficina municipal da casa da xuventude, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: xuventude@ribeira.gal.

III. Notificar o acordo á entidade interesada.

36.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Marcha Mundial das Mulleres do Barbanza

Vistos os escritos presentados por Genoveva María Betanzos Fernández en representación de **Marcha Mundial das Mulleres do Barbanza**, de datas 04 e 05/11/2026 (Rexistros de entrada nº 27.230, 27.323 e 27.330), no que solicita autorización para realizar unha concentración na Praza do Concello (Ribeira), o día 25/11/2026, en horario de 15:00 h. a 19:00 h., co motivo do Día Mundial da Violencia Machista, "Ribeira contra as violencias machistas".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar unha concentración na Praza do Concello (Ribeira), o día 25/11/2026, en horario de 15:00 h. a 19:00 h., co motivo do Día Mundial da Violencia Machista, "Ribeira contra as violencias machistas".
- Esta autorización queda condicionada á obra de iluminación que está prevista realizar nesas datas.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

37.- SOLICITUDE CESIÓN TEMPORAL DE USO DE INSTALACIÓN MUNICIPAL – Grupo de Baile Tradicional Tahume

Visto o escrito presentado por Sandra Santamaría Castro en representación do **Grupo de Baile Tradicional Tahúme**, de data 04/11/2026 (Rexistro de entrada nº 27.308), no que solicita a cesión temporal de uso do primeiro andar do Mercado Municipal de Ribeira, o día 14/11/2026, para que no Día do Serán de Tahúme o grupo invitado poda usalo como roupeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a cesión temporal de uso do primeiro andar do Mercado Municipal de Ribeira, o día 14/11/2026, para que no Día do Serán de Tahúme o grupo invitado poda usalo como roupeiro.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 11:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

CSV: 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D969900A5M1G0G7Q5U1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 05/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 05/11/2026 15:10:20

DOCUMENTO: 20261939097
Fecha: 05/11/2026
Hora: 15:10